

Ο ΑΟΡΙΣΤΟ ΣΙΓΜΑΤΙΚΟ

Ο αοριστο é un tempo de pasado que equivale ao noso pretérito perfecto (*aoristo significa indefinido*). Como tempo de pasado ten, como o pretérito imperfecto, aumento e desinencias secundarias. Pero ademáis ten como marca propia o morfema -σα- que o identifica. Así se forma o aoristo do verbo λύω, que significa "desatar":

Aoristo de indicativo	
Singular	Plural
ἔ-λυ-σα	ἔ-λύ-σα-μεν
ἔ-λυ-σα-ς	ἔ-λύ-σα-τε
ἔ-λυ-σε	ἔ-λυ-σα-ν

Vocabulario:

κελεύω: ordenar

παιδεύω: educar

πιστεύω: creer, confiar

τυρανεύω: gobernar

τοξεύω: disparar con arco

ἡγεμονεύω: mandar

1. Enuncia, analiza e traduce as seguintes formas verbais:

ἐκελεύσαμεν - ἐπαιδέυσε - πιστεύει - ἐτυρανεύον - ἐτοξεύσαν - ἡγεμονεύουσιν

Para a formación do aoristo sigmático, hai que ter en conta algunhas cuestións de índole fonética ou gráfica que xa foron vistas na terceira declinación:

- Oclusiva dental + sigma > sigma ἔ-πειθ-σα > ἔπεισα
- Oclusiva velar + sigma > ξ ἄρχ-σα > ἤρξα
- Oclusiva labial + sigma > ψ ἔ-γράφ-σα > ἔγραψα

En relación a isto, hai que ter en conta que o grupo consonántico -ττ- funciona como se fose unha velar, do que resulta:

ἔ-πράττ-σα > ἔπραξα ἔ-τάττ-σα > ἔταξα

2. Conxuga o aoristo de indicativo dos verbos τάττω e πράττω.